

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 356/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións por Concorrenza Competitiva

Asunto do Expediente: Premios pola participacion en rallyes 2026

O Alcalde acorda o seguinte:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Antecedentes administrativos

Expediente 356/2026 polo que se convocan e aproban as bases da convocatoria da que rexerán a concesión de premios para deportistas individuais do concello de As Somozas disciplina automobilismo, na anualidade 2026 no que consta a seguinte documentación. , memoria da Alcadia e informe de intervencion .

Expediente 465/2023 de aprobacion do Plan Estratexico de subvencions do Concello de As Somozas 2024-2026.

Legislación aplicable

Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións

Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencions de Galicia

Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Lei 7/1985 de 2 de abril , de Bases de réxime local

Esta Alcadia acorda :

Vista a proposta de resolución PR/2026/230 de 20 de maio de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 20 de maio de 2026.

En virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLUCIÓN

DECRETO
Número: 2026-0194
Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 4L4W9Q5W79S36N7EPK0M4W9G5
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



Primeiro : Convocar os premios para deportistas individuais do concello de As Somozas disciplina automobilismo na anualidade 2026 e aprobar as bases que figuran no anexo deste decreto que pretenden impulsar a práctica deportiva no ámbito do automobilismo , especialidade rally no concello de As Somozas , convocase os premios para a promoción e difusión deste deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas e o gran investimento económico que supón a practica deste deporte e tendo en conta que se trata dunha disciplina deportiva e modalidades de relevante peso social e deportivo neste concello cun amplo seguimento social, do que son proba as distintas competicións de nivel galego que se desenvolven e transcorren polas vías do concello e dacordo co previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, na Liña 2. pretendendo promover ente outros obxectivos específicos: Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel municipal , provincial , autonómico , nacional ou internacional, fomento do deporte e a vida saudable e promover a representación deportiva do concello nos eventos e competicións deportivas , establececen as seguintes bases da convocatoria .

Segundo Aprobar o gasto total de 2500,00 euros con cargo a aplicacion presupostaria 341.480.

Terceiro: En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS daralle traslado ao Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

ANEXO :

BASES DA CONVOCATORIA DA QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE AS SOMOZAS DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, NA ANUALIDADE 2026

Para impulsar a práctica deportiva no ámbito do automobilismo , especialidade rally no concello de As Somozas , convocase os premios para a promoción e difusión deste deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas e o gran investimento económico que supón a practica deste deporte e tendo en conta que se trata dunha disciplina deportiva e modalidades de relevante peso social e deportivo neste concello cun amplo seguimento social, do que son proba as distintas competicións de nivel galego que se desenvolven e transcorren polas vías do concello .

E de acordo, por tanto, co previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, na Liña 2., búscase promover ente outros obxectivos específicos: Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel municipal , provincial , autonómico , nacional ou internacional, fomento do deporte e a vida saudable e promover a representación deportiva do concello nos eventos e competicións deportivas , establececen as seguintes bases da convocatoria .

Primeira.- Obxecto e réxime da convocatoria constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2026,

DECRETO
Número: 2026-0194
Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 414W9O5W79S36N7EPK0M4V9G5
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo nas sete categorías incluídas no calendario da Federación Galega de Automobilismo que serán: Rallyes, Rallysprint, Montaña, Autocross, Rallymix, Slalom e Karting.

Segunda Os premios para deportistas individuais do concello de As Somozas pilotos de rally , na anualidade 2025/2026 articularanse na modalidade premios sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas (código sector económico 93.1) cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 18),

Destinatarios/as poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

A. Requisitos persoais Segunda

- Ter residencia e estar empadroadado no Concello de As Somozas no prazo de presentación da instancia e cunha antigüidade de polo menos un ano ininterrompido .
- Posuír licenza/ficha federativa de piloto durante o ano 2026 licenza/ficha federativa oficial de piloto, na disciplina e/ou modalidade para a que solicita o premio.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e local , así como estaren ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social
- Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
- Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

B. Requisitos deportivos. Para poder ser beneficiario/a do premio, o/a deportista individual (piloto) deberá acreditar mediante a respectiva certificación federativa o cumprimento do requisito de ter participado en competicións oficiais e federadas durante a anualidade 2025 /2026, de acordo cos seguintes criterios:

1.- Acreditar a participación, como mínimo, en dúas probas de carácter oficial e federado, durante a anualidade 2025/2026, de acordo ás probas e competicións dos calendarios oficiais da Federación galega de automobilismo ou da Federación española de automobilismo. Establécese como tempada o período que vai desde o 1 de novembro de 2025 a até o 31 de outubro de 2026.

Os premios regulados na presente convocatoria concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. A inscrición e participación nas competicións e probas indicadas neste punto como requisitos deportivos para poder ser beneficiario/a de premio, deberá estar expresamente indicadas na respectiva certificación federativa. De non

DECRETO
Número: 2026-0194 Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 414W905W79S36N7EPK0M4V9G5
Corrección: https://assomozas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



reflectirse expresamente tal circunstancia na correspondente certificación, entenderase que non cumpre o requisito indicado.

2.- Dispoñer no seu vehículo de publicidade institucional do Concello das Somozas

Terceira- Premios e contías o importe dos premios destinados a deportistas individuais piloto/a de rally de asfalto, terra e montaña e rallys históricos, anualidade 2026, que o concello de As Somozas pode conceder, estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

Importe premio participativo : 300,00 €

Importe máximo do premio por resultado obtidos 600,00 €

Os premios a conceder serán a resultante da respectiva aplicación dos criterios de puntuación total, – de maior a menor-, acadada por cada solicitante en base aos criterios de valoración das bases da presente convocatoria e tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada un dos premios. Para a asignación do correspondente premio, o procedemento a seguir será o seguinte:

- Prevese unha asignación linea del 300,00 euros a cada participante que acredite o cumprimento dos requisitos de esta convocatoria considerado como premio participativo
- Haberá un segundo premio considerado como premio polos resultados obtidos que se repartirá do seguinte xeito .
- Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor do punto en euros será o resultado de dividir o total do crédito orzamentario establecido para esta convocatoria restado o importe mínimo obrigatorio nas solicitudes realizadas, entre a suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas e completas de todos os/as deportistas solicitantes, de acordo cos criterios establecidos na presente convocatoria.
- En consecuencia, o importe do premio a conceder, no seu caso, derivará do resultado de multiplicar o valor en euros do punto, polos puntos totais conseguidos por cada solicitante, de acordo co baremo establecido, a partir do importe mínimo do premio

Cuarta: Contía e crédito orzamentario a dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 2500,00 € (dous mil cincocentos euros). Os presentes premios teñen cabida na aplicación orzamentaria 341.480.

Quinta: Documentación, forma e prazo de presentación das solicitudes. As solicitudes, subscritas polo interesado/a, irán dirixidas á Alcaldía do Concello de As Somozas , mediante o modelo de solicitude normalizado a través de calquera das seguintes canles:

DECRETO
Número: 2026-0194 Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 414W905W79S36N7EPK0M4V9G5
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



a) De forma presencial, mediante a presentación da solicitude e da documentación anexa nos respectivos modelos normalizados ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica do Concello de As Somozas , mediante a presentación da solicitude e da documentación anexa nos respectivos modelos normalizados.

Prazo para a presentación de solicitudes: **Ata o día 31 de outubro de 2026** a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de A Coruña. Cada piloto deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio, independentemente do número de modalidades deportivas de automobilismo que practique.

As solicitudes (Anexo I) virán acompañadas da seguinte **documentación**:

a) Copia do NIF do interesado/a

b) Declaración responsable (ANEXO II) na que se reflecta que:

I. Que cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario/a do premio.

II. Que leva empadroadado no Concello de As Somozas polo menos 1 ano sen interrupcións .

III. Que non solicitou/recibiu outra axuda para a mesma finalidade.

IV. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e local) e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración.

V. Que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración

VI. Que SI NON autoriza á Concello de As Somozas a facerme comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de premios para deportistas individuais piloto/a de rally, anualidade 2026.

c). E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado polo Concello de As Somozas

d) Documento bancario acreditativo de conta bancaria, no que necesariamente figurará o/a deportista piloto solicitante como titular e con data de expedición actualizada.

E) **Documentación de carácter deportivo** para a valoración da solicitude:

DECRETO
Número: 2026-0194 Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 4L4W9Q5W79S36N7EPK0M4W9G5
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10



- Certificación oficial da respectiva federación que acredite:

- A posesión da correspondente licenza federativa oficial do/da piloto durante a anualidade 2026

- De acordo co establecido na presente convocatoria, acreditación na certificación federativa da participación no período desde o 1 de novembro de 2024 até o 31 de outubro do 2026, e de acordo ao previsto na base terceira da presente convocatoria:

1.- Da participación, como mínimo, en dúas probas oficiais federadas de acordo ás probas e competicións dos calendarios oficiais da Federación galega de automobilismo ou da Federación española de automobilismo.

2.- Resultados deportivos e datos deportivos detallados de:

- Resultados individuais e no seu caso participación, en probas federadas, indicando en cada caso, o rally, a data de celebración, o campionato ao que pertence a respectiva proba, a clasificación individual, a clasificación por cada grupo, e calquera outro relativo aos méritos deportivos a valorar de acordo ao previsto na base terceira e aos criterios de valoración reflectidos na base novena desta convocatoria

O mencionado certificado debера estar asinado pola respectiva federación como acreditación de que os méritos deportivos alegados son certos. Non se considerará válido ningún certificado cuberto á man ou con indicacións e/ou modificacións realizadas á man.

3.- Xustificación cunha fotografía da publicidade institucional do concello das Somozas .

Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na páxina web do Concello de As Somozas

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión dos premios implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

Sexta- Procedemento unha vez presentada a solicitude, o centro xestor municipal revisará a documentación achegada. Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de

DECRETO
Número: 2026-0194
Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 414W9Q5W79S36N7EPK0M4W9G5
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



que se transcorrido o prazo non o fixera, terase por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21. A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

Sétima :-Avaliación das solicitudes.

A instrución do procedemento corresponderalle á Comisión Avaliadora, que estará constituída polo Alcalde, ou concelleiro en quen delegue, que actuará como presidente; a/o Secretaria/o-Interventor/a ou funcionario/a en quen delegue, que actuará como secretario e unha funcionaria do Concello de As Somozas ou empregado público en quen delegue, que deberán avaliar as solicitudes presentadas e requirir as subsanacións que procedan para que as mesmas cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases. O prazo será de dez días improrrogables; no suposto de que os defectos se consideren non emendables, o órgano instrutor propondrá a admisión.

- Avaliadas as solicitudes, emitirase proposta de resolución na que se indicará a concesión ou non e a contía da axuda.

- O Alcalde resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas .A resolución conterá a relación dos beneficiarios e os importes das axudas, así como as solicitudes desestimadas coa motivación que proceda.

- A Resolución provisional de concesión publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes puxesen na súa solicitude, concedéndose un prazo de 10 días naturais para presentar alegación e/ou emendar documentación.

Nesta listaxe provisional reflectiranse tódalas solicitudes: as completas, as denegadas e as pendentes de emendar documentación, advertindo neste último caso que, de non corrixir os erros da documentación no prazo estipulado, quedarán denegadas.

- A resolución definitiva que se adopte e as listaxes de solicitudes concedidas e denegadas serán así mesmo publicadas na mesma forma que a resolución provisional. A publicación das resolución neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Oitava - Criterios de valoración

Clasificación xeral individual en algunha proba a nivel estatal / autonómico /internacional de rallys 2026	
1ª	100
2ª	80
3ª	60



Resto de clasificacións	40
Outras valoracións	
Solicitante piloto muller	30
Solicitante con idade comprendida entre 18/30 anos (a data 31/12/2026)	30

Os datos a ter en conta na valoración a aplicar nos distintos apartados deberá estar acreditada cos respectivos certificados federativos oficiais.

No caso de se producir empate, terase en conta a mellor puntuación total obtida por cada solicitante en cada un dos seguintes apartados e pola seguinte orde:

- Maior puntuación sumatorio na clasificación xeral individual . En caso de seguir co empate resolverase por sorteo .

Non procederá a asignación de puntos no caso de que a certificación federativa non acredite expresamente a participación do/da deportista piloto e o logro do respectivo posto na correspondente proba. En consecuencia, non procederá a valoración e asignación de puntos para os casos nos que só se producise a inscrición do/da solicitante na respectiva proba, pero non se acredítase a participación efectiva nela.

Novena .-Pagamento dos premios o pagamento dos premios farase nun único pagamento previa unha vez que o interesado acredite o cumprimento de todas as obrigas establecida na base décima . En caso de incuprimiento destas obrigas non se poderá realizar o pago do premio ,

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta do premio concedido. Procederase a respectiva retención de IRPF de cada un dos premios concedidos, segundo a normativa vixente.

Decima.- Obrigas dos beneficiarios/as os beneficiarios/as dos premios están obrigados:

- A facilitar a información que lles sexa requirida polo concello de as Somozas , o tribunal de contas e o consello de contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidos premios.
- Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores.
- Publicar a colaboración do Concello de As Somozas nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través da indumentaria ou rotulación do vehículo ou en calquera outro elemento susceptible de portar imaxe que deberá ser acreditada coa presentación das fotografías correspondentes
- A colaborar na promoción do deporte e da actividade física no Concello de As Somozas se así se requirise.

DECRETO
 Número: 2026-0194 Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 414W9Q5W79S36N7EPK0M4W9G5
 Corrección: https://assomozas.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10



Undécima -Renuncia, revisión e reintegro de cantidades. Os premios concedidos deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelos falseando as condicións requiridas
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

A renuncia ao premio por parte do beneficiario/a, unha vez recibido o seu pagamento, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito a Alcaldía

. De se acreditar as circunstancias indicadas ou de se producir a renuncia, dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende a data do pagamento do premio ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 37 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

Anexo I . Modelo solicitude

DATOS SOLICITANTE

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Nif
- Enderezo a efectos de comunicación
- localidade:
- Teléfonos
- Correo electrónico a efectos de notificación

EXPOÑO:

- Que cumpro todos os requisitos esixidos na presente convocatoria de premios piloto rallys do Concello de As Somozas na anualidade 2026.

- Que asumo todos os compromisos reflectidos na referida convocatoria

. - Que achego a documentación esixida.

SOLICITO:

DECRETO
Número: 2026-0194
Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 414W9Q5W79S36N7EPK0M4V9G5
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



A concesión dun premio a deportista individual piloto rallys anualidade 2026.

ANEXO II Declaración responsable (ANEXO II)

- Nome e apelidos
- Nif

DECLARO RESPONSABLEMENTE.

I. Que cumpro cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario/a do premio.

II. Que levo empadroadado no Concello de As Somozas polo menos 1 ano sen interrupcións .

III. Que non solicitou/recibiu outra axuda para a mesma finalidade.

IV. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e local) e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración.

V. Que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración

VI. Que

SI

NON

Autoriza á Concello de As Somozas a facerme comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de premios para deportistas individuais piloto/a de rally de asfalto, terra e montaña e vehículos históricos, anualidade 2026.

c). E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado polo Concello de

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0194 Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 414W9Q5W79S36N7EPK0M4W9G5
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10

